

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

- 6495** *Orde IET/1045/2014, do 16 de xuño, pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

I

Durante os últimos anos en España produciuse un desenvolvemento moi significativo das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos. Este crecemento veu impulsado en boa medida pola existencia de diversos marcos de apoio que foron establecendo sucesivamente incentivos económicos á produción de electricidade mediante estas tecnoloxías nos últimos anos.

Desta forma, desde o ano 1998 ata o ano 2013, os incentivos económicos ás instalacións de produción de enerxía eléctrica mediante fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos ascenderon a máis de 50.000 millóns de euros e incrementáronse en máis dun 800 por cento desde 2005 ata o ano 2013, cando as primas a estas instalacións alcanzan aproximadamente 9.000 millóns de euros.

As primas ás tecnoloxías renovables, de coxeración e residuos foron financiadas fundamentalmente polos consumidores de electricidade a través da factura. Ademais, e a partir do 1 de xaneiro de 2013, unha parte destes custos para o fomento de enerxías renovables finánciase por medio dos orzamentos xerais do Estado cos ingresos derivados dos tributos incluídos na Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, de acordo co previsto na súa disposición adicional segunda.

A través do proceso de reforma do sistema eléctrico levado a cabo nos últimos anos adoptáronse unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a estabilidade económica e financeira do sistema eléctrico e a evitar a incorporación de novos custos, garantindo para estas instalacións unha rendibilidade razoable.

Neste sentido, o Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, articula as bases dun novo marco retributivo que permita ás instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, ás de coxeración de alta eficiencia e residuos cubrir os custos necesarios para competir no mercado en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías e obter unha rendibilidade razoable.

Así, establece que para o cálculo da retribución específica se considerarán para unha instalación tipo os ingresos pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado, os custos de explotación estándar necesarios para realizar a actividade e o valor do investimento inicial da instalación tipo, todo iso para unha empresa eficiente e ben xestionada. Deste xeito instáurase un réxime retributivo sobre parámetros estándar en función das distintas instalacións tipo que se determinen.

Así mesmo, e dando continuidade ao disposto no artigo 30.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na súa redacción orixinaria, isto é, que os réximes retributivos que se articulen para as instalacións de produción de enerxía eléctrica existentes a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos deben permitir a este tipo de instalacións cubrir os custos necesarios para competir no mercado en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías e obter unha rendibilidade razoable sobre o conxunto do proxecto, o referido real decreto lei recolle de forma expresa para dar unha maior seguridade xurídica o concepto de rendibilidade razoable, establecéndoo, en liña coa doutrina xurisprudencial sobre o particular xurdida nos últimos anos, nunha rendibilidade de proxecto que virará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos, aplicando o diferencial adecuado.

Igualmente, na súa disposición adicional primeira, fixa a rendibilidade razoable das instalacións de produción con dereito a réxime económico primado.

A disposición derradeira segunda do citado Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, habilita o Goberno para aprobar un novo réxime xurídico e económico da actividade de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime económico primado, que será de aplicación desde a entrada en vigor do mencionado real decreto lei.

As bases deste novo marco retributivo recolléronse na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, fundamentalmente no artigo 14, e concretáronse igualmente os criterios e a forma de revisión dos parámetros retributivos para as instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos con réxime retributivo específico.

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, determina ademais que se fixará legalmente antes do inicio de cada período regulatorio, que terá unha duración de seis anos, o valor sobre o cal virará a rendibilidade razoable do que reste de vida regulatoria, e que en ningún caso se poderán revisar, unha vez recoñecidos, a vida útil regulatoria nin o valor estándar do investimento inicial dunha instalación.

Por outra banda, preceptúa esta lei que cada tres anos se revisarán para o resto do período regulatorio as estimacións de ingresos pola venda da enerxía xerada, valorada ao prezo do mercado de produción, en función da evolución dos prezos do mercado e das previsións de horas de funcionamento.

Finalmente, prevé que polo menos anualmente se actualizarán os valores de retribución á operación para aquelas tecnoloxías cuxos custos de explotación dependan esencialmente do prezo do combustible.

A citada Lei 24/2013, do 26 de decembro, recolle desta forma, na súa disposición adicional décima, que o primeiro período regulatorio se iniciará na data de entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, e finalizará o 31 de decembro de 2019, e o valor sobre o cal virará a rendibilidade dos proxectos tipo de referencia. Ademais, e na súa disposición derradeira terceira para este primeiro período regulatorio, fixa en consonancia co xa establecido na disposición adicional primeira do mencionado real decreto lei o valor sobre o cal virará a rendibilidade razoable ao longo de toda a vida regulatoria para as instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos que tivesen recoñecida retribución primada no momento da entrada en vigor do citado real decreto lei.

Este novo marco xurídico e económico regulado na Lei 24/2013, do 26 de decembro, plasmasse, en primeiro lugar, no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, que no seu artigo 12 determina o procedemento para outorgar o réxime retributivo específico. En segundo lugar, mediante a aprobación desta orde, que principalmente aproba os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.

Con esta orde complétase o cambio de modelo de retribución das enerxías renovables, de coxeración e residuos e dáse estabilidade financeira ao sistema con carácter definitivo, ao tempo que se garante unha rendibilidade razoable ás instalacións. Estas instalacións seguirán percibindo uns ingresos adicionais ao mercado ata o final da súa vida útil sempre que non alcansasen esta rendibilidade. A transcendencia desta orde radica, ademais, no que atinxe á determinación da vida útil regulatoria e á cuantificación do valor inicial do investimento, ao se tratar de parámetros non revisables.

## II

O citado Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, establece a metodoloxía do réxime retributivo específico, que será de aplicación ás instalacións que non alcancen o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que lles permitan competir en nivel de igualdade

co resto de tecnoloxías no mercado obtendo unha rendibilidade razoable, referida á instalación tipo que en cada caso sexa aplicable.

Este réxime retributivo baséase na percepción dos ingresos derivados da participación no mercado, cunha retribución adicional que, en caso de resultar necesario, cubra aqueles custos de investimento que unha empresa eficiente e ben xestionada non recupere no mercado.

Estas instalacións poderán percibir durante a súa vida útil regulatoria, adicionalmente á retribución pola venda da enerxía valorada ao prezo do mercado, unha retribución específica composta por un termo por unidade de potencia instalada que cubra os custos de investimento para cada instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da enerxía no mercado, o cal se denomina retribución ao investimento, e un termo á operación que cubra, se é o caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado da dita instalación tipo, o cal se denomina retribución á operación.

Para o cálculo da retribución ao investimento e da retribución á operación consideraranse para unha instalación tipo os ingresos estándar pola venda da enerxía valorada ao prezo do mercado, os custos estándar de explotación necesarios para realizar a actividade e o valor estándar do investimento inicial, todo iso para unha empresa eficiente e ben xestionada, ao longo da súa vida útil regulatoria.

Unha vez que as instalacións superen a súa vida útil regulatoria deixarán de percibir a retribución ao investimento e a retribución á operación. As instalacións que, aínda estando dentro da súa vida útil regulatoria, alcancen o nivel de rendibilidade razoable terán unha retribución ao investimento igual a cero e manterán, se é o caso, a retribución á operación durante a dita vida útil regulatoria.

O Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, regula no seu artigo 13 que se deberá establecer, mediante orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada para Asuntos Económicos, unha clasificación de instalacións tipo, co seu código específico, en función da tecnoloxía, potencia instalada, antigüidade, sistema eléctrico, así como calquera outra segmentación que se considere necesaria para a aplicación do réxime retributivo.

A cada instalación tipo corresponderalle un conxunto de parámetros retributivos que concreten o réxime retributivo específico e permitan a súa aplicación ás instalacións asociadas á dita instalación tipo. Os máis relevantes son a retribución ao investimento por unidade de potencia, a retribución á operación, a vida útil regulatoria, o número de horas de funcionamento mínimo, o limiar de funcionamento e o número de horas de funcionamento máximo para os efectos de percepción da retribución á operación, se é o caso.

Adicionalmente, son parámetros retributivos relevantes para os efectos de calcular os anteriores, de forma enunciativa e non limitativa, os seguintes: o valor estándar do investimento inicial da instalación tipo, a estimación do prezo de mercado diario e intradiario, o número de horas de funcionamento da instalación tipo e os límites anuais superiores e inferiores do prezo do mercado, a estimación dos ingresos futuros de explotación, a estimación dos custos futuros de explotación, a taxa de actualización que toma como valor o da rendibilidade razoable, o coeficiente de axuste da instalación tipo e o valor neto do activo. Entre estes parámetros fíxanse a vida útil regulatoria e o valor estándar do investimento inicial da instalación tipo, que non se poderá volver revisar.

A inscrición dunha instalación no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de explotación e a súa asignación a unha instalación tipo permitirán ao titular da instalación reunir os requisitos necesarios para a percepción do réxime retributivo específico que lle corresponde.

III

Mediante esta orde, polo tanto, establécense, por un lado, os parámetros retributivos das instalacións tipo aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, en particular, ás

instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos que tivesen recoñecida retribución primada no momento da entrada en vigor do citado Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, entre elas a aquelas instalacións adxudicatarias do concurso de instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica de carácter innovador. Así mesmo, establécense os parámetros retributivos das instalacións tipo para aquelas instalacións ou modificacións de instalacións de tecnoloxías diferentes á eólica, solar termoeléctrica e fotovoltaica que cumpran determinados requisitos previstos na disposición adicional cuarta do citado real decreto.

Por outro lado, en desenvolvemento do título IV do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, e en particular da disposición adicional segunda.4, recóllese unha clasificación de instalacións tipo en función da tecnoloxía, potencia instalada, antigüidade ou sistema eléctrico, e fíxase para cada unha destas instalacións tipo un código.

Así mesmo, en aplicación da disposición transitoria primeira do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, esta orde establece a instalación tipo por defecto que será asignada a unha instalación cando coa información que conste no Rexistro de instalacións de produción de enerxía eléctrica e no sistema de liquidacións non sexa posible determinar a instalación tipo asociada á dita instalación.

Nesta orde, e como referencia de rendibilidade razoable das instalacións, tívose en conta para o cálculo dos parámetros retributivos, por unha banda e para as instalacións con dereito a réxime económico primado no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, o rendemento medio no mercado secundario dos dez anos anteriores á entrada en vigor do citado real decreto lei, isto é, o período comprendido entre o 1 de xullo de 2003 e o 30 xuño 2013, das obrigacións do Estado a dez anos, tal e como determina a disposición derradeira terceira da Lei 24/2013, do 26 de decembro, e a disposición adicional segunda do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, para as instalacións con dereito á percepción do réxime económico primado.

Por outra banda e para as instalacións ás cales se lles recoñeza a percepción do réxime retributivo específico con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, aplicouse o rendemento medio das obrigacións do Estado a dez anos, calculado como a media das cotizacións no mercado secundario dos meses de abril, maio e xuño de 2013, tal e como determina a disposición adicional décima da Lei 24/2013, do 26 de decembro, en relación coa disposición adicional décimo cuarta e a disposición adicional primeira do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

Para o cálculo da retribución ao investimento utilizáronse dúas metodoloxías distintas, tal e como establece a normativa de referencia, para as tipoloxías de instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta orde.

Así, para as instalacións tipo aplicables a aquelas instalacións con dereito á percepción do réxime económico primado no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, aplicouse a metodoloxía de cálculo do valor neto do activo e do coeficiente de axuste segundo o establecido no anexo XIII do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

Para as instalacións definidas na disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, aplicouse a metodoloxía de cálculo do valor neto do activo e do coeficiente de axuste segundo o establecido no anexo VI dese real decreto.

Así mesmo, considerouse unha vida útil regulatoria representativa para cada instalación tipo, en función da vida de deseño dos equipamentos principais e considerando que se levan a cabo as actuacións de mantemento preventivo e correctivo adecuadas. Esta vida útil permanecerá invariable para cada instalación tipo segundo o establecido no artigo 14 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Para a determinación do valor estándar do investimento inicial de cada instalación tipo tivéronse en consideración equipamentos principais novos, así como o resto de equipamentos e sistemas electromecánicos, de regulación e control, equipamentos de medida e liñas de conexión, incluíndo o seu transporte, instalación e posta en marcha, xunto coa partida de enxeñaría e dirección de obra asociadas, entre outras partidas. O dito valor estándar do investimento inicial permanecerá invariable para cada instalación

tipo ata o final da vida útil regulatoria, segundo o establecido na Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Para o cálculo dos custos de explotación consideráronse aqueles custos asociados á xeración eléctrica para cada tecnoloxía, necesarios para realizar a actividade de forma eficiente e ben xestionada.

Neste sentido, conforme a xurisprudencia comunitaria, entenderase por empresa eficiente e ben xestionada aquela empresa dotada dos medios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade cuxos custos son os dunha empresa eficiente na dita actividade e considerando os ingresos correspondentes e un beneficio razoable pola realización das súas funcións.

Así mesmo e de conformidade co artigo 13.3 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, non se tiveron en conta os custos ou investimentos que veñan determinados por normas ou actos administrativos que non sexan de aplicación en todo o territorio español nin aqueles que non respondan exclusivamente á actividade de produción de enerxía eléctrica.

Por outra banda e entre os custos de explotación variables en función da produción da instalación tipo encóntranse de forma enunciativa e non limitativa os seguintes: custos de seguros, gastos de administración e outros gastos xerais, gastos de representación no mercado, custo da peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución que deben satisfacer os produtores de enerxía eléctrica, a operación e o mantemento (tanto preventivo coma correctivo), imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica que establece a Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, así como o resto de tributos regulados na dita lei. Se é o caso, consideráronse tamén os consumos auxiliares (auga, gas, etc.) e os custos de combustible asociados á operación da instalación tipo. Para o caso das instalacións de coxeración e tratamento de residuos considerouse, ademais, o custo dos dereitos de emisión de CO<sub>2</sub> non obtidos por asignación gratuíta.

Adicionalmente, entre os custos fixos de explotación tivéronse en conta para cada instalación tipo, entre outros, o custo do alugamento dos terreos, os gastos asociados á seguridade das instalacións e o imposto sobre bens inmobles de características especiais (Bices).

Para o cálculo das horas de funcionamento de cada instalación tipo tomáronse como base as horas anuais que realizaron as instalacións, segundo os datos publicados pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, para cada instalación tipo. Partindo destes valores estableceuse consecuentemente o número de horas de funcionamento mínimo, o limiar de funcionamento e o número de horas de funcionamento máximas para os efectos de percepción da retribución á operación.

A estimación do prezo de mercado para cada ano do primeiro semiperíodo regulatorio calculouse como media aritmética das cotizacións dos contratos de futuros anuais correspondentes negociados no OMIP durante os últimos seis meses de 2013.

A este prezo estimado aplicáronse uns coeficientes de apuntamento para obter os prezos de mercado eléctrico aplicables a cada tecnoloxía. Estes coeficientes de apuntamento obtivéronse a partir da media dos valores dispoñibles por parte da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

Esta orde establece os límites anuais superiores e inferiores do prezo medio anual do mercado vixentes durante o primeiro semiperíodo regulatorio, isto é, ata o 31 de decembro de 2016, para a aplicación do disposto no artigo 22 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

Para a determinación dos ingresos obtidos polas instalacións ata a entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, consideráronse para cada instalación tipo os ingresos reais medios publicados pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

Por conseguinte, todos estes parámetros e estándares que determinan o réxime retributivo específico calculáronse para cubrir aqueles custos de investimento que unha empresa eficiente e ben xestionada non recupere no mercado.

Ademais, nesta orde, de conformidade coa disposición transitoria primeira.8 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, determínanse as equivalencias correspondentes entre as novas instalacións tipo que se definan e a clasificación anteriormente vixente, para os

efectos da determinación do réxime retributivo aplicable, de forma que a cada instalación existente lle correspondan uns novos parámetros retributivos.

Igualmente, establécese a metodoloxía de cálculo da retribución das instalacións híbridas reguladas no artigo 4 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño (662), e de acordo co artigo 25 deste real decreto.

Finalmente, de acordo co anexo XVI.4 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, establécese a metodoloxía de aplicación do réxime retributivo para aquelas instalacións de coxeración nas cales o aproveitamento da calor útil se realice co propósito de utilización como calor ou frío para climatización de edificios.

A aplicación desta orde, xunto co resto de medidas estruturais adoptadas no ámbito do sector eléctrico, suporá un impacto positivo sobre os custos do sistema eléctrico e, polo tanto, unirase ao obxectivo de non xerar déficit eléctrico a partir do ano 2014, en liña co compromiso do Goberno de España ante a Comisión Europea no Programa nacional de reformas de 2013, así como coa Recomendación do Consello da Unión Europea relativa ao Programa nacional de reformas de 2014 de España e pola que se emite un ditame do Consello sobre o Programa de estabilidade de 2014 de España.

De acordo co prescrito no artigo 5.2 e na disposición transitoria décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, esta orde foi obxecto de informe pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que para a elaboración do seu informe tomou en consideración as observacións e comentarios do Consello Consultivo de Electricidade, a través do cal se realizou o trámite de audiencia ao sector e as consultas ás comunidades autónomas.

Mediante Acordo do 12 de xuño de 2014, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos autorizou o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditar a presente orde.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Constitúe o obxecto desta orde o establecemento dos parámetros retributivos das instalacións tipo correspondentes ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta orde para o primeiro semiperíodo regulatorio definido na disposición adicional primeira do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, sen prexuízo do previsto no seu artigo 20.

2. Así mesmo, fíxase a equivalencia entre as categorías, grupos e subgrupos definidos con anterioridade ao momento da entrada en vigor do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos e as novas categorías, grupos e subgrupos establecidos no citado real decreto, fixando para cada un destes últimos as diferentes instalacións tipo e os seus códigos correspondentes para os efectos da determinación do réxime retributivo aplicable.

3. Finalmente, complétanse os criterios para o cálculo da retribución das instalacións híbridas definidas no artigo 4 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, de conformidade co artigo 25 do referido real decreto.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta orde será de aplicación ás instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos que tivesen recoñecida retribución primada no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, recollidas nas disposicións adicionais segunda e terceira do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

2. Así mesmo, será de aplicación ás instalacións de tecnoloxías diferentes á eólica, solar termoeléctrica e fotovoltaica que, sen seren inscritas no Rexistro de preasignación de retribución, cumpran cos requisitos exixidos na disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, e na disposición adicional décimo cuarta da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.

*Artigo 3. Aspectos retributivos das instalacións previstas no artigo 2.1.*

1. Para as instalacións definidas no artigo 2.1, as equivalencias entre as categorías, grupos e subgrupos definidos con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, e as novas categorías, grupos e subgrupos establecidos no citado real decreto, así como as diferentes instalacións tipo para estas últimas e os seus códigos correspondentes aplicables, serán os recollidos no anexo I.

No anexo VII indícanse os códigos das instalacións tipo do subgrupo a.1.3 resultantes da reclasificación das instalacións dos subgrupos a.1.1 e a.1.2 que non cumpran os límites de consumo establecidos. A retribución á operación das instalacións tipo do subgrupo a.1.3 será igual a cero.

2. Os parámetros retributivos das instalacións tipo que concretan o réxime retributivo específico aplicable ao ano 2013 serán os recollidos no anexo II.1.

Os parámetros retributivos das instalacións tipo que concretan o réxime retributivo específico aplicable aos anos 2014, 2015 e 2016 serán os recollidos no anexo II.2, agás a retribución á operación aplicable aos anos 2015 e 2016, cuxos valores serán os recollidos no anexo II.3.

Malia o anterior, no anexo II.3 non se inclúen os valores da retribución á operación correspondente aos anos 2015 e 2016 daquelas instalacións tipo cuxos custos de explotación dependen esencialmente do prezo de combustible, debido a que tales parámetros se actualizarán coa periodicidade establecida no artigo 20.3 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

3. Para o cálculo dos parámetros retributivos referidos no número anterior consideráronse as hipóteses de cálculo recollidas no anexo III e os parámetros incluídos no anexo VIII.

4. A aquelas instalacións que superasen a súa vida útil regulatoria nos termos previstos no artigo 28 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, non se lles asignará instalación tipo e será de aplicación o establecido no artigo 49.6 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

*Artigo 4. Aspectos retributivos das instalacións previstas no artigo 2.2.*

1. Para as instalacións definidas no artigo 2.2 establécense no anexo IV as diferentes instalacións tipo e os seus códigos correspondentes.

2. Os parámetros retributivos das instalacións tipo que concretan o réxime retributivo específico aplicable aos anos 2014, 2015 e 2016 serán os recollidos no anexo V.1, agás a retribución á operación aplicable aos anos 2015 e 2016, cuxos valores serán os recollidos no anexo V.2.

Non obstante o anterior, no anexo V.2 non se inclúen os valores da retribución á operación correspondente aos anos 2015 e 2016 daquelas instalacións tipo cuxos custos de explotación dependen esencialmente do prezo de combustible, debido a que tales parámetros se actualizarán coa periodicidade establecida no artigo 20.3 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

3. Para o cálculo dos parámetros retributivos referidos no número anterior consideráronse as hipóteses de cálculo recollidas no anexo VI e os parámetros incluídos no anexo VIII.

Artigo 5. *Vida útil regulatoria e valor estándar do investimento inicial das instalacións tipo.*

1. A vida útil regulatoria para as instalacións tipo asignadas ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta orde en función do seu subgrupo será a seguinte:

Categoría	Grupo	Subgrupo	Vida útil regulatoria (anos)
a)	a.1	a.1.1, a.1.2 e a.1.3	25
	a.2		25
b)	b.1	b.1.1	30
		b.1.2	25
	b.2	b.2.1	20
	b.3		20
	b.4, b.5, b.6, b.7 e b.8		25
c)	c.1, c.2 e c.3		25

2. O valor estándar do investimento inicial para cada unha das instalacións tipo asignadas ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación desta orde será o establecido no anexo VIII.

3. O disposto neste artigo rexerá polo establecido no artigo 14.4.1ª da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e polo artigo 20.1 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

Artigo 6. *Cálculo da retribución para as instalacións con hibridación.*

1. O cálculo dos ingresos anuais procedentes da retribución ao investimento dunha instalación híbrida tipo 1, segundo a definición do artigo 4 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, realizarase como segue:

a) Para as instalacións que utilicen combustibles do grupo b.6.

$$Ing_R = Rinv_{b6} \cdot P_{re} \cdot \frac{Pt_{b6} + Pt_{b8}}{Pt_{b6} + Pt_{b8} + Pt_{c2}} + Rinv_{c2} \cdot P_{re} \cdot \frac{Pt_{c2}}{Pt_{b6} + Pt_{b8} + Pt_{c2}}$$

$Ing_R$ : ingresos anuais procedentes da retribución ao investimento que lle corresponden a unha instalación híbrida de tipo 1.

$Rinv_{b6}$ : retribución ao investimento da instalación tipo correspondente do grupo b.6.

$P_{re}$ : potencia con dereito a réxime retributivo específico, expresada en MW.

$Pt_{b6}$ : potencia térmica dos equipamentos térmicos instalados para o consumo dos combustibles do grupo b.6, expresada en MW térmicos.

$Pt_{b8}$ : potencia térmica dos equipamentos térmicos instalados para o consumo dos combustibles do grupo b.8, expresada en MW térmicos.

$Rinv_{c2}$ : retribución ao investimento da instalación tipo correspondente do grupo c.2.

$Pt_{c2}$ : potencia térmica dos equipamentos térmicos instalados para o consumo dos licores negros do grupo c2, expresada en MW térmicos.

b) Para as instalacións que non utilicen combustibles do grupo b.6.

$$Ing_R = Rinv_{b8} \cdot P_{re} \cdot \frac{Pt_{b8}}{Pt_{b8} + Pt_{c2}} + Rinv_{c2} \cdot P_{re} \cdot \frac{Pt_{c2}}{Pt_{b8} + Pt_{c2}}$$

$Ing_R$ : ingresos anuais procedentes da retribución ao investimento que lle corresponden a unha instalación híbrida de tipo 1.



- $Rinv_{b8}$ : retribución ao investimento da instalación tipo correspondente do grupo b.8.  
 $P_{re}$ : potencia con dereito a réxime retributivo específico, expresada en MW.  
 $Pt_{b8}$ : potencia térmica dos equipamentos térmicos instalados para o consumo dos combustibles do grupo b.8, expresada en MW térmicos.  
 $Rinv_{c2}$ : retribución ao investimento da instalación tipo correspondente do grupo c.2.  
 $Pt_{c2}$ : potencia térmica dos equipamentos térmicos instalados para o consumo dos licores negros do grupo c.2, expresada en MW térmicos.

2. Para o cálculo dos ingresos anuais procedentes da retribución ao investimento dunha instalación híbrida de tipo 2 multiplicarase a retribución ao investimento ( $Rinv$ ) da instalación tipo asociada pola potencia con dereito a réxime retributivo específico.

3. Para o cálculo dos ingresos procedentes da retribución á operación das instalacións híbridas de tipo 1 e tipo 2, segundo a definición do artigo 4 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, consideraranse os valores de retribución á operación definidos para cada instalación tipo correspondente á fonte de enerxía primaria utilizada na hibridación, cálculo que se realizará de acordo co previsto no artigo 25.1 b) do citado real decreto.

4. O disposto neste artigo será de aplicación sen prexuízo da corrección en función do número de horas equivalentes de funcionamento segundo o artigo 21 e do resto de previsións establecidas no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

#### Artigo 7. *Aplicación das horas mínimas e limiares de funcionamento.*

Para os efectos do previsto no artigo 21.5 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, no relativo ás correccións á conta da corrección anual definitiva ao final do primeiro, segundo e terceiro trimestres de cada ano, para o cálculo do número de horas equivalentes de funcionamento mínimo e do limiar de funcionamento para os períodos que van desde o 1 de xaneiro de cada ano ata o 31 de marzo, ata o 30 de xuño e ata o 30 de setembro, respectivamente, deberase multiplicar o número de horas equivalentes de funcionamento mínimo anual e o limiar de funcionamento anual pola porcentaxe correspondente a cada período e instalación tipo establecida nos anexos II.2 e V para as instalacións definidas no artigo 2.1 e 2.2, respectivamente.

#### Artigo 8. *Número de horas equivalentes de funcionamento máximas para os efectos de percepción da retribución á operación.*

De conformidade co previsto no artigo 17.2 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, nos anexos II.1, II.2 e V.1 desta orde establécese, para cada instalación tipo definida, se é o caso, o número de horas equivalentes de funcionamento máximas para as cales cada instalación ten dereito a percibir a retribución á operación.

#### Disposición adicional primeira. *Réxime retributivo específico para o aproveitamento de calor útil para climatización de edificios.*

1. A aquelas instalacións de coxeración nas cales o aproveitamento de calor útil se realice co propósito de utilización como calor ou frío para climatización de edificios e ás cales lles sexa de aplicación o previsto no anexo XVI do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, aplicaráselles o réxime retributivo específico previsto no mesmo considerando, para os efectos do cumprimento das condicións de eficiencia enerxética dispostas no anexo XIV do dito real decreto, dous períodos semestrais: o primeiro comprendido entre outubro e marzo (primeiro semestre) e o segundo comprendido entre abril e setembro (segundo semestre).

2. Durante cada un dos períodos a instalación percibirá a retribución correspondente á operación e ao investimento que lle corresponda.

3. Antes da finalización do mes seguinte a cada un dos períodos definidos no número 1, o titular da planta de coxeración remitiralle ao organismo encargado das liquidacións un certificado dunha entidade recoñecida pola Administración competente co

cálculo do rendemento eléctrico equivalente real do período e co cálculo do valor da enerxía eléctrica (EREE0) que, xunto coa calor útil correspondente ao dito período, cumpra co rendemento eléctrico equivalente requirido. Estes cálculos realizaranse de acordo co previsto nos anexos XIV e XVI, respectivamente, do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

4. No segundo mes posterior a cada un dos períodos definidos no número 1 efectuarase unha liquidación resultado de comparar o valor da enerxía vendida ao sistema co valor da EREE0 que resulte do cálculo indicado no número anterior, de maneira que, se a diferenza entre a enerxía vendida e a EREE0 for positiva, o titular da planta terá que efectuar unha devolución do importe correspondente á dita diferenza de enerxías valorada de acordo coa retribución á operación. No caso de que a diferenza entre a enerxía vendida e a EREE0 for negativa, non se efectuará ningún axuste.

Disposición adicional segunda. *Referencias a autorización de explotación.*

As referencias incluídas nesta orde á autorización de explotación entenderanse realizadas, se é o caso, á acta de posta en marcha ou en servizo.

Disposición adicional terceira. *Solicitud de inscripción no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de preasignación das instalacións definidas na disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos.*

1. As solicitudes de inscripción no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de preasignación das instalacións definidas na disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, deberanse dirixir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas por vía electrónica, nos termos previstos no dito real decreto.

O prazo de presentación de solicitudes comezará aos 15 días da data de entrada en vigor desta orde e terá unha duración dun mes.

A solicitude incluírá a información establecida no número 1 do anexo V do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, así como a data de autorización administrativa e, de ser o caso, a data de autorización de explotación definitiva.

2. Coa dita solicitude xuntarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no número 1 da citada disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, coas seguintes particularidades:

a) As instalacións que presenten a solicitude acolléndose ao disposto no punto 1.a) da dita disposición adicional deberán achegar a documentación que acredite que, con anterioridade á data de entrada en vigor do Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, cumprían os seguintes requisitos:

1. Ter solicitada a inscripción no Rexistro de preasignación de retribución.
2. Dispor da concesión por parte da compañía eléctrica distribuidora ou de transporte de punto de acceso e conexión firme para a totalidade da potencia da instalación.
3. Dispor de autorización administrativa da instalación outorgada polo órgano competente. No caso de instalacións de potencia non superior a 100 kW, este requisito non será necesario.
4. Dispor de licenza de obras expedida pola Administración local competente, cando resulte exixible.
5. Ter depositado o aval necesario para solicitar o acceso á rede de transporte e distribución cando esta exixencia lle fose de aplicación.
6. Dispor de recursos económicos propios ou financiamento suficiente para acometer polo menos o 50 por cento do investimento da instalación, incluída a súa liña de evacuación e conexión ata a rede de transporte ou distribución.

7. Ter alcanzado un acordo de compra asinado entre o promotor da instalación e o fabricante ou subministrador de equipamentos correspondente para a adquisición de equipamentos por un importe equivalente polo menos do 50 por cento do valor da totalidade destes, fixado no proxecto de instalación.

8. Dispor dun punto de subministración de gas natural asignado por parte da empresa distribuidora ou de transporte de gas, cando a instalación vaia utilizar o dito combustible como principal.

9. Dispor dun informe favorable de aproveitamento de augas outorgado polo órgano competente, cando sexa necesario para o funcionamento da instalación proxectada.

10. Ter depositado un aval na Caixa Xeral de Depósitos da Administración xeral do Estado a favor da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por unha contía de 20 €/kW.

Naqueles casos en que por petición do interesado se procedese á cancelación das garantías a que fai referencia o parágrafo anterior, o titular da instalación deberá achegar un novo xustificante da Caixa Xeral de Depósitos acreditativo de ter depositado unha garantía económica pola contía de 20 €/kW, no cal se especificará expresamente que foi depositada para os efectos do cumprimento do establecido no artigo 44 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño. Quedarán excluídas desta obriga as instalacións que contén con autorización de explotación definitiva na data da apertura do prazo de solicitude, a cal deberá ser achegada xunto coa solicitude.

b) As instalacións que presenten a solicitude acolléndose ao disposto no punto 1.b) da dita disposición adicional deberán achegar:

1. Autorización de explotación definitiva para a totalidade da potencia con data anterior ao 27 de xaneiro de 2014.

2. Autorización administrativa da instalación outorgada polo órgano competente.

3. De ser o caso, a solicitude de inscrición no Rexistro de preasignación de retribución, cuxa data de entrada no ministerio será valorada para os efectos da priorización prevista no número 6 da disposición adicional cuarta do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.

3. No caso de modificacións de instalacións existentes, cando a dita modificación afecte unicamente unha parte da instalación, a parte da instalación modificada será considerada para efectos retributivos como unha nova unidade retributiva e manterase invariable o réxime retributivo da parte non modificada.

A solicitude de inscrición no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de preasignación realizarase pola potencia da nova unidade retributiva.

No prazo máximo dun mes desde a data de indispoñibilidade da parte da instalación orixinal que se vai modificar, o interesado deberá solicitar a renuncia definitiva ao réxime retributivo específico, regulada no artigo 31 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, correspondente á potencia eliminada da dita parte da instalación orixinal, iso sen prexuízo da comunicación ao órgano competente da modificación da potencia no rexistro de instalacións de produción de enerxía eléctrica correspondente. A renuncia ao réxime retributivo específico producirá efectos desde a citada data de indispoñibilidade e terá carácter definitivo, sen prexuízo do réxime retributivo específico que, se é o caso, se lle recoñeza á instalación modificada.

Malia o anterior, para aquelas instalacións que realizaron a modificación da instalación con anterioridade á inscrición da potencia da nova unidade retributiva no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de preasignación, deberán solicitar a renuncia definitiva ao réxime retributivo específico correspondente á potencia eliminada da dita parte da instalación orixinal no prazo máximo dun mes desde a data da citada inscrición. A renuncia ao réxime retributivo específico producirá efectos desde a data da citada inscrición e terá carácter definitivo.

4. En virtude do previsto no artigo 46.1.b) do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, a instalación ou modificación da instalación existente para a cal se solicite a inscrición no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de explotación deberá ter as mesmas características que as indicadas na inscrición en estado de preasignación en relación cos

seguintes bloques de información establecidos no número 1 do anexo V do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño:

- a) «Datos xerais da solicitude en estado de preasignación», sen prexuízo do establecido en relación coa potencia no citado artigo 46.
- b) «Datos de localización da instalación».

Así mesmo, o solicitante da inscrición no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de explotación deberá coincidir co titular da instalación que conste no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica e coincidir co titular da inscrición no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de preasignación.

Disposición adicional cuarta. *Comunicación e notificación por vía electrónica.*

1. Conforme o previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as solicitudes, escritos e comunicacións relativos aos distintos procedementos relacionados co Rexistro de réxime retributivo específico regulado no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, así como os recursos administrativos que puideren derivar, presentaranse exclusivamente por vía electrónica, con certificado electrónico, na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Esta obriga comprenderá a práctica de notificacións administrativas por medios electrónicos, de conformidade cos artigos 32.1 e 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que se realizará mediante comparecencia electrónica na sede electrónica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, accesible polos interesados mediante certificado electrónico.

2. Naqueles casos en que sexa obrigatoria a comunicación a través de medios electrónicos e non se utilicen os ditos medios, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda e advertirá de que, de non ser atendido o requirimento, dará o interesado por desistido da súa petición de acordo co disposto no artigo 32.3 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, e carecerá de validez ou eficacia aquela comunicación en que tiver lugar tal incumprimento.

Disposición transitoria primeira. *Asignación de instalacións tipo por defecto de conformidade coa disposición transitoria primeira.9 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño.*

1. De conformidade coa disposición transitoria primeira.9 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, para aqueles casos en que non sexa posible determinar a instalación tipo, establecerase a seguinte asignación por defecto:

- a) Ás instalacións do grupo b.4 asignaráselles por defecto a instalación tipo correspondente do subgrupo b.4.2.
- b) Ás instalacións do grupo b.5 asignaráselles por defecto a instalación tipo correspondente do subgrupo b.5.2.
- c) Para as tecnoloxías en que exista unha diferenciación de instalacións tipo en función de se os equipamentos principais foren motor ou turbina, asignaráselles por defecto a instalación tipo correspondente como se os seus equipamentos principais foren turbinas.
- d) Ás instalacións do grupo c.1 asignaráselles por defecto a instalación tipo correspondente como se a caldeira for de tecnoloxía grella.
- e) Ás instalacións do grupo c.2 asignaráselles por defecto a instalación tipo que utilice como combustible residuos industriais.

2. Os titulares das instalacións cuxa asignación por defecto non coincida coa que lle correspondería atendendo ás características reais da dita instalación deberán presentar

no prazo máximo de tres meses desde a data de inscrición automática das instalacións no rexistro de réxime retributivo específico que se determine, de conformidade coa disposición transitoria primeira.1 do dito real decreto, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por vía electrónica, unha solicitude de modificación da instalación tipo asignada por defecto, xunto coa documentación que acredite o dito cambio.

3. A acreditación de que a asignación por defecto, no caso de aplicación dos puntos 1.a), b) e c), non coincide coa que lle correspondería atendendo ás características reais da dita instalación poderase realizar presentando a seguinte documentación:

a) Para as instalacións asignadas por defecto á instalación tipo correspondente do subgrupo b.4.2 ou do subgrupo b.5.2, poderase acreditar mediante a presentación da concesión administrativa de aproveitamento de augas outorgada polo órgano competente e o seu certificado de inscrición no rexistro de augas correspondente.

b) Para as instalacións asignadas por defecto á instalación tipo correspondente como se os seus equipamentos principais foren turbinas, poderase acreditar mediante un certificado dunha entidade recoñecida pola Administración competente ou mediante o certificado de cumprimento do rendemento eléctrico equivalente establecido no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, sempre que inclúa a tecnoloxía dos equipamentos principais.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá a solicitude de modificación da instalación tipo asignada á citada instalación no Rexistro de réxime retributivo específico no caso de quedar acreditada a modificación da instalación tipo aplicable. Para estes efectos poderá realizar as comprobacións e, de ser o caso, inspeccións que considere oportunas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Unha vez transcorrido o dito prazo sen se notificar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Enerxía de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria segunda. *Instalacións híbridas tipo 1 que utilicen como combustible licores negros do grupo c.2.*

1. Os titulares das instalacións híbridas tipo 1 que utilicen como combustible licores negros do grupo c.2 presentaranlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas por vía electrónica, no prazo máximo de tres meses desde a data de inscrición automática das instalacións no rexistro de réxime retributivo específico que se determine de conformidade coa disposición transitoria primeira.1 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, unha solicitude de inscrición no Rexistro de réxime retributivo específico da potencia térmica dos equipamentos térmicos instalados para o consumo dos combustibles existentes na hibridación, xunto cun certificado dunha entidade recoñecida pola Administración competente ou con calquera outra documentación que o acredite.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá sobre a dita solicitude e poderá realizar, para estes efectos, as comprobacións e, de ser o caso, inspeccións que considere oportunas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Unha vez transcorrido o dito prazo sen se notificar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Enerxía de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Considerarase transitoriamente que toda a potencia térmica destas instalacións híbridas tipo 1 que utilicen como combustible licores negros do grupo c.2 corresponde a c.2. Se é o caso, procederase posteriormente a realizar as liquidacións necesarias para que a retribución dese período sexa a efectivamente correspondente á instalación.

3. Se como consecuencia dunha inspección ou de calquera outro medio válido en dereito se constatar a falsidade da documentación presentada, este feito será motivo para a cancelación da inscrición da citada instalación no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de explotación, de acordo co previsto no artigo 49.1.1) do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño. Todo iso sen prexuízo do réxime sancionador aplicable.

Disposición transitoria terceira. *Procedemento de asignación para as modificacións substanciais das instalacións de coxeración acollidas aos subgrupos a.1.1 e a.1.2.*

1. No caso das instalacións de coxeración acollidas aos subgrupos a.1.1 e a.1.2 definidos no artigo 2 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, sobre as que non se dispoña de información relativa a se foron obxecto ou non dunha modificación substancial, de forma transitoria considerarase que estas instalacións foron obxecto de modificación substancial e asignáraselles a instalación tipo correspondente polas súas características técnicas e ano de posta en marcha, salvo que non existise a dita instalación tipo, caso en que se considerará como unha nova instalación.

2. Os titulares das instalacións cuxa asignación non coincida coa que lle correspondería atendendo ás características reais da dita instalación deberán presentar no prazo máximo de tres meses desde a data de inscrición automática das instalacións no rexistro de réxime retributivo específico que se determine, de conformidade coa disposición transitoria primeira.1 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por vía electrónica, unha solicitude de modificación da instalación tipo asignada xunto coa documentación que acredite o dito cambio.

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar ao inicio do procedemento de cancelación da inscrición no Rexistro de réxime retributivo específico en estado de explotación previsto no artigo 49 do Real decreto 413/2014, do 6 de xuño. Todo iso sen prexuízo do réxime sancionador aplicable.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá a solicitude de modificación da instalación tipo asignada á citada instalación no Rexistro de réxime retributivo específico no caso de quedar acreditada a modificación da instalación tipo aplicable, e poderá realizar, para estes efectos, as comprobacións e, de ser o caso, as inspeccións que considere oportunas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. Unha vez transcorrido o dito prazo sen se notificar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Enerxía de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Posteriormente procederase, se é o caso, a realizar as liquidacións necesarias para que a retribución dese período sexa a efectivamente correspondente á instalación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de rango igual ou inferior en canto se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta orde dítase ao abeiro das regras 13ª e 25ª do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación.*

Habílitate o secretario de Estado de Enerxía para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 16 de xuño de 2014. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, José Manuel Soria López.

## ANEXOS

*Os anexos están dispoñibles só en castelán. Para a súa consulta deberase acceder á versión en castelán da orde.*